

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

De viños e cartas

13.08.2010 Tras unha paréntese de case 20 anos, Víctor Freixanes está a remata-la súa próxima novela, "Cabalo de ouros"

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Tras anos sen publicar ningunha novela, Víctor Freixanes atópase rematando a súa próxima obra literaria, *Cabalo de ouros*, que con sorte quedará lista antes de que comece o outono (e iso que en setembro irá a Nova York). Confesa que prefere a primavera ó verán e que gusta de tomar uns viños na casa e da ría de Muros, xa que as máis sureñas se converteron nestes últimos anos "nunha especie de Costa do Sol".

Está a pasar un verán de pracer ou de traballo?

Estou pasando un verán de pracer e de traballo tamén, porque para min o traballo é un pracer. Agora mesmo estou rematando unha novela. Chámase *Cabalo de ouros*, e desenvólvese nos anos 40 e nos principios dos 50 da posguerra. A novela está centrada nunha partida de cartas que ten lugar nalgún lugar da serra galega entre os sectores máis acomodados da sociedade. Cada un deles ten un capitán que vai recorrendo apostas. Trátase dunha historia de perdedores.

Cales son os seus plans?

Ademais de acaba-la novela, se son capaz, hai algunhas cousas que fun deixando do traballo e que poderei realizar ó non habe-la disciplina dos horarios, xa que así resulta máis doado.

Vese practicando o Xacobeo?

Non. Creo que é algo moi importante, pero non é para min.

Que lle gusta máis do verán?

Do verán o que máis me gusta é o Sol, os amigos e tomar uns viños na casa.

Para vostede o verán ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

É especial porque a luz carga as pilas, pero ó mesmo tempo o exceso de calor abafa. Eu son unha persoa máis de primavera.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Teño que escoller entre as dúas? (risos) Prefiro a praia, porque me criei na ría de Pontevedra e para min o verán é o cheiro das mareas, os barcos aliñados na costa. Aínda que eu prefiro a ría de Muros, porque é a única na que aínda se poden ver estas cousas, porque as rías de Arousa, Pontevedra e mais Vigo convertéronse nunha especie de Costa do Sol. Así mesmo nesta parte da costa, por Muros e tamén por enriba, aínda o mar cheira a brea.

Está a pasa-lo verán lendo, escoitando música...?

Agora mesmo estou lendo *Doutor Faustus*, de Thomas Mann.

A literatura para un escritor é ó mesmo tempo profesión e hobby?

Máis ben diría que, para un escritor, a literatura é unha especie de chute en vea.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

No meu caso teño varios, e tamén por varias razóns. Poden ser para ir lendo, para ve-lo que están facendo os colegas, ou para ir adquirindo unha aprendizaxe para logo poder compartir con outros escritores.

Cando un está de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Si, e aínda que esas ideas que vas anotando non sexan para un vindeiro proxecto tamén poden servir para novas etapas.

Se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

A verdade é que non teño especiais querencias, pero se tivera que escoller alguén probablemente escollería a Afonso X. Con el, gustaríame trata-lo tema do encontro e a convivencia de culturas, e preguntarlle se se podería trasladar á actualidade.

Como é o primeiro día de escritura trala tempada de vacacións? Custa arrincar?

No meu caso, eu estou arrincando sempre, non teño vacacións reais. Por exemplo, este setembro vou ir facer un ciclo de conferencias nas dúas universidades de Nova York, e vou aproveitar para leva-la miña muller e os fillos. Como dicía un profesor meu, "as vacacións consisten en ir cambiando de traballo".

O PERFIL

Nome: Víctor Fernández Freixanes

Lugar de nacemento: Pontevedra

Ano de nacemento: 1951

Obras: *Unha ducia de galegos* (1976), *O triángulo inscrito na circunferencia* (1987), *O enxoval da noiva* (1989), *A cidade dos Césares* (1993)...

Premios: Premio Eduardo Blanco Amor e da Crítica Galega e Española 1982 por *O triángulo inscrito na circunferencia*, Premio Torrente Ballester 1992 por *A cidade dos Césares*...

Ademais: Doutor en Filoloxía Románica, dirixiu a Aula de Teatro e imparte clases de xornalismo na USC, dirixe a Editorial Galaxia...

PATRICIA SANTOS